



# ANIMACIÓN Á LECTURA

O mércores 14 de abril todo o alumnado xunto co profesorado da escola asistían a unha sesión de contacontos. Todo parecía ocorrer con normalidade como noutras ocasións, ninguén sabía o que despois ía acontecer alí. A primeira sorpresa foi que a persoa que nos ía a relatar unha historia era, nin máis nin menos, o mago Chrystian Magic.



Os alumnos de 6º tiñan lido o libro “Atrapado na torre” de Xoa**n** Babarro e Ana M<sup>a</sup> Fernández e arredor del xiraría toda a sesión. Pero o máis sorprendente foron os seus trucos de maxia. Destacamos aquel no que unha mesiña tapada cun tapete voaba arredor del e da profe Eva, que neses intre**s** estaba a colaborar con el. Era increíble!, non podía ser!.

Todos os alumnos estiveron coa boca aberta disfrutando dos seus relatos e dos seus números de maxia. Algúns moi preto del, xa que solicitou axudanes en diferentes momentos. Lorena, Cristina, Jorel, Iván e Ana Sofía non quixeron perder a oportunidade.



Chrystian Magic díxonos que el aprendera a ser mago cun veciño seu que aparece no libro e se chamaba Bosco.  
¡Quizais algún de nós co tempo chegue a ser mago!

**FANTASÍA OU REALIDADE?**